



Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I012	<i>Expediente</i> CON/57/2018	<i>Data Creación:</i> 09-01-19 10:41

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018".

TIPO DE LICITACIÓN: 241.391,50 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 21 de febreiro de 2019, ás 9.15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Proxectos e Obras.
D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe da Sección de Contratación.

Celébrase esta reunión da mesa co obxecto de examinar a documentación presentada pola empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL proposta como adxudicataria desta licitación.

Así, o 4 de febreiro pasado, isto é, cun día hábil de atraso con respecto ao prazo máximo previsto, a devandita empresa presentou a documentación que lle fora requirida, acompañada dun escrito no que facía constar que, persoada a encargada da realización das necesarias xestións na tesourería municipal no último día do prazo, aos efectos de constituir a preceptiva garantía definitiva depositando un cheque bancario, este non lle foi aceptado.

Como consecuencia disto, non puido presentar a documentación ese día, formalizando o seguinte día hábil 4 de febreiro a garantía mediante transferencia bancaria e cumprindo entón o requirimento. Polo tanto, solicita que se lle teña por correctamente presentada a documentación por non ser responsabilidade súa o atraso.

Con data 18 de febreiro, e a solicitude do secretario da mesa, o tesoureiro municipal emite informe no que confirma os feitos alegados pola empresa, sinalando, iso sí, que o procedemento establecido prevé a constitución das garantías definitivas a través dunha transferencia bancaria ou do depósito dun aval ou seguro de caución ou similar admisible.

Informada a mesa polo interventor que o cheque bancario é un medio de pago perfectamente admisible, estea ou non recollida a súa posibilidade de uso nos procedementos utilizados polo Concello, e sendo clara a vontade de cumprimento da empresa, non só polo recoñecemento explícito da tesourería municipal do seu intento de constituir a garantía definitiva dentro do prazo, se non polo feito de constar acreditado a pago das taxas e timbres municipais dentro deste prazo, entende a mesa, co aval dos técnicos xurídicos presentes, que a responsabilidade do atraso é imputable a un incorrecto funcionamento desta administración, polo que se acorda admitir a documentación presentada.



Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I012	<i>Expediente</i> CON/57/2018	<i>Data Creación:</i> 09-01-19 10:41

En consecuencia, e xa finalmente, lévase a cabo a análise da mesma, considerándose acreditada tanto a súa solvencia económica e técnica como a súa capacidade de obrar, ratificándose polo tanto a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

Firmado por PEÑA VIDAL RAFAEL -
44848946G el día 21/02/2019 con un
certificado emitido por AC FNMT
Usuarios

Firmado por ROMÁN OTERO
FERREIRO - 33281132V el día
21/02/2019 con un certificado
emitido por AC CAMERFIRMA FOR